

Con 14 puntos na Orde do día, en 42 apartados de casos concretos; entre 48 participantes –algúns que a propia Administración recoñece non saber quen son–, e durante máis de catro horas continuas: así é unha reunión da Subcomisión do MITERD. Con unha Subdirección desbordada, e con un par de reunións da Subcomisión ó ano, non podemos estar conformes co resultado. Presentan de golpe cinco actas pendentes, nas que a CIG ten alegacións, algunhas xa feitas fai meses, e que seguían sen corrixir: sen pretender que se recolla a literalidade das manifestacións nunha acta, a CIG tivemos que pedir novamente correccións sobre as intervencións nas Subcomisións de fai meses, e incluso de fai máis dun ano.

O punto estrela da reunión foi a adaptación ó novo sistema complementario dos postos ocupados a día de hoxe: a CIG manifestou que non apoiará ningunha amortización de postos para financiar complementos. Xa advertimos que o novo sistema complementario –acordado polas outras organizacións sindicais e a Administración, e coa contra da CIG– deixaba fóra a un elevado número de traballadoras e traballadores do IV CUAGE, co resultado de persoal coas mesmas condicións laborais pero distinto salario. Non se nos fixo caso, e agora a Administración vén a propoñer mendas, presentando un listado *totum revolutum* de prazas non incluídas por distintos motivos na documentación que se remitiu á COPA para actualización dos complementos –aínda que manifesta que “oficialmente por estar sen ocupar a 01/01/2022”, e sen deixar claro que outras prazas van no documento–. Ante a pregunta da CIG –logo de intervir a Administración e ter a palabra o resto de sindicatos– por primeira vez neste punto da Orde do día pronúncianse as palabras secretas: a financiación desta proposta de complementos farase con amortización de postos. Algúns sindicatos piden que ademais se lles retribúan os atrasos; a Administración non contempla esa posibilidade. Sae adiante o punto, sen o apoio da CIG: nós queremos iguais salarios para o persoal coas mesmas condicións, pero non a costa de amortizar postos do Convenio, para despois seguir externalizando pouco a pouco os servizos públicos.

Na amortización de postos creados por sentenza, con un afectado na Confederación Hidrográfica do Miño- Sil, a CIG manifesta non estar de acordo con ningunha amortización cando temos necesidades reais de persoal, aínda que recoñecemos que non cabe outra posibilidade ó ser un posto creado por sentenza e estar así recollido na relación de postos de traballo: menos persoal no IV CUAGE, máis necesidades cubertas con persoal externo; contratación precaria, e moito máis gasto que co persoal laboral do Convenio.

Facía tempo que non tiñamos nunha reunión do MITERD a representantes da AEMET. Nesta Subcomisión manifestaron que negocian no seu grupo de traballo: a CIG deixa claro que independentemente de que haxa ou non persoal laboral da

AEMET en Galicia, non poden segmentar a negociación eludindo pasar pola Subcomisión (o mesmo pasa coa Mesa delegada, aínda que este non era o foro), e que a CIG debe estar convocada a calquera grupo de traballo, comisión técnica, ou subgrupos creados dentro da Subcomisión paritaria do MITERD.

A Administración presentou unha proposta de ampliación de titulacións requiridas para o acceso á especialidade de Instalacións Hidráulicas e Plantas Potabilizadoras dos grupos E2 e M1, co fin de elevar a proposta á COPA: hai que lembrar que son postos de traballo nos que o contido da prestación laboral non se corresponde con ningunha titulación oficial, pero nas que é requirida unha formación específica, moi concreta neste caso e enfocada á xestión da auga e das infraestruturas hidráulicas, con materias de hidráulica, presas, topografía, construción e obra civil, ... As titulacións actualmente aceptadas non permiten unha axeitada cobertura nos procesos de provisión de postos, quedando moitos vacantes. A CIG leva anos pedindo a admisión dos ciclos formativos de grao medio e superior da familia agraria para o acceso a estas especialidades, baseado na coincidencia dos contidos formativos destes ciclos coa formación específica requirida nestas especialidades, maior incluso que en moitas das titulacións actualmente aceptadas para elas. Ademais sempre incidimos en que a titulación que máis se axusta a esta especialidade no M1– T.S. de Xestión da Auga– non está practicamente implantada nos centros educativos, e aínda que está dispoñible como formación a distancia no CIDEAD do Ministerio de Educación, aínda hai un escaso número de persoas tituladas; ademais non existe un ciclo medio equivalente ó superior de Xestión da Auga. A CIG está a favor da ampliación de titulacións proposta por ser coincidente coa nosa proposta, e pide que se detalle a coincidencia entre o contido formativo das titulacións propostas e a formación específica requirida para os E2 e M1 de Instalacións Hidráulicas e Plantas Potabilizadoras.

Tamén nos informaron do estado actual dos procedementos de provisión de postos, e varios días despois da reunión recibimos un resumo informativo dos mesmos.

Lugo, outubro de 2023.